

INTERVENCIÓN DE PABLO LÓPEZ VIDAL NA INTERPELACIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE A NOVA LEI DE MEDIDAS URXENTES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO LITORAL DE GALICIA (27-12-06)

Señoras e señores deputados.

Señora conselleira, decía vostede que o 70% das persoas deste país, dos cidadáns de Galicia, consideran que temos un litoral fermoso, vulnerable, desordenado en algunhas zonas, e moitas delas –destas zonas, digo– están ocupadas de xeito indiscriminado, e isto, loxicamente, crea prexuízos, elevados custos enerxéticos, de construción e mantemento das infraestruturas, de prestación dos servizos públicos, de segregación social e espacial, degradación da paisaxe e do patrimonio cultural, e, sobre todo, e o máis importante, de perda da identidade territorial. Máis de 1.700 quilómetros de costa, que son o noso sinal de identidade, en cinco anos parece ser –dicen os datos, e os datos non enganan nin minten– que se visaron 120.000 vivendas na nosa costa, isto crea por parte da acción do seu Goberno un debate social e político para poñer coto, a ver se é posible, aos desmáns urbanísticos costeiros. Isto si que crea, señora conselleira, o que decía a interpelante, alarma social, sobre todo despois do que se nos acaba de anunciar por parte da señora Silva Méndez. Este anuncio público que vostede fixo e que tamén corroborou en reiteradas ocasións –aínda hoxe a mañá o fixo o presidente da Xunta–, é dicir, un anuncio público con luz e taquígrafos, non ás agachadas, para uns poucos que manexaban sempre, como viña acontecendo neste país, información máis ou menos, digamos –entrecomillada–, “privilexiada”, fixo que se fomentara un clima de participación social nesta discusión, onde participa a Federación Galega de Municipios e Provincias, e o resto dos axentes sociais que operan no

noso territorio. Acabouse o “todo vale”, e que a costa non é das inmobiliarias, senón dos cidadáns, se dixo con toda claridade. Pero, claro, hai que facer memoria, lamentablemente sempre hai que facer memoria e mirar cara atrás. Eu xa non cito a abondosa lexislación urbanística que xa relatou a señora Silva Méndez, empezamos en 1985, dúas en 1995, a Lei do solo de 1997, outra no 2002, como houbo aí un erro sacamos unha circular informativa no ano 2003, e por último, como non nos gustaba a do 2002, chegou un novo conselleiro que non cito, para que non pida por alusións, e cambia a lei ou introduce modificacións e saca unha nova Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural no ano 2004. Eso é imposible regular, ordenar, planificar, con esta crecente lexislación urbanística. Isto é o que non pode ser e o que non debe ser, estes cambios reiterados, que, por certo, isto ocasionou a perda de subvencións por parte de moitos concellos, que demandaban da Administración autonómica subvencións para adaptar os seus planeamentos esta cambiante ordenación urbanística, porque, claro, todos temos que saber que ter un plan de ordenación municipal leva de un a dous anos. Se hai cinco modificacións legislativas en dez anos, a Lei do 2002 obrigaba en tres anos a ter as normas adaptadas, e ¿como?, ¿con que?, ¡era imposible, loxicamente! E, en tres anos, só nove concellos do noso país se adaptaron a esta lei. Eu supoño que isto alguén, á parte de preguntar e de non mollarse nesta cuestión, terá que entonar o mea culpa e asumir algún tipo de responsabilidades, sobre todo alguén que neste país inventou un concepto denominado “el feísmo” para culpabilizar aos cidadáns –sempre botando balóns fóra– de determinadas desfeitas. Alguén que destartalou este país, non sabemos moi ben se por incapacidade, se por tolerancia, miraban a outro lado, asubiaban polas carrilleiras, e logo, coa propaganda, eso si, unha propaganda moi ben

orquestada, tentaron liderar a loita contra a especulación salvaxe e o ladrillo descuberto, e así era imposible.

Eu creo que hai que ter memoria, o decía antes, e hai que ter un pouco tamén de dignidade política. Señores do PP, vostedes teñen que recoñecer que fixeron sufrir moito aos concellos deste país, fixéronos sufrir moito, porque vostedes os intentaron criminalizar e culpabilizar de determinadas situacións; vostedes, non miren para este lado de aquí. Porque nós xa sabemos que hai de todo en todos os lados; ese sitio que se chama Sanxenxo, coma outros deste país, xa o sabemos, e somos todos conscientes desa situación, pero tamén existe quen fixo os deberes e con bastante éxito.

Señora Rojo, a min o que me parece un poquito fuerte, solo un poquito, é esta interpelación. Vostede, que pertence a este oficio, vostede foi coma min ponente da Lei do 2002, vostede pregunta, interpela, e vostede debería respostar algunhas preguntas que eu lle fixen antes e mollarse. ¿Están de acordo cos obxectivos que se persiguen con esta lei?, ¿si ou non? ¿Vanna apoiar?, ¿si ou non? ¿Van a participar no debate social que se está producindo neste país a favor de defender a costa? ¿si ou non? Esas son as preguntas que vostedes teñen que respostar.

Porque, claro, nós chegamos e en dezaseis meses hai que facer o que vostedes non fixeron durante dezaseis anos, colaborando cos concellos e – como lle dicía antes– cos axentes que operan no territorio, e quixeramos contar coa súa colaboración. Pero, si non a temos, tampouco vamos a empuxar a elo, nos seguiremos camiñando por este camiño.

¿E por que queremos contar con esa colaboración? Porque hai que facer un Plan de ordenación do litoral que vostedes non fixeron, previsto na lei do 2002. E hai que dar pan e [...], que é o que estamos facendo neste momento. Lle

recordo que hai un esforzo orzamentario sen precedentes na Consellería de Política Territorial para axudar os concellos a planificar. Está prevista a creación do Instituto do Territorio –por certo, xa estaba previsto na Lei de 1995 e aínda estamos esperando–, para planificar, ordenar e axudar os concellos que o necesitan para facer planeamento. E está prevista e xa está funcionando... Non prevista, senón que está funcionando, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, que fai cumprir a lei.

Na intervención do presidente da Xunta desta mañá, como tamén no debate do estado da Autonomía, que celebramos recentemente neste Parlamento, el nos decía que este país necesita crecer mellor, porque o crecemento non pode facerse a custa da destrución do territorio, da contaminación das rías e do deterioro paisaxístico, e lles ofreceu un pacto polo territorio que eu, a día de hoxe, aínda non sei suben, se baixan ou se saltan na metade do camiño, eso nolo terán que aclarar algún día.

¿Este Anteproxecto de lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que é o que pretende? Nada máis nin nada menos que sentidiño na planificación urbanística, sentidiño na construción e na edificación deste país; un país atractivo, equilibrado, e ben ordenado. Por eso nós consideramos que é unha medida moi necesaria, moi positiva, pensada para protexer o país e poñer en valor o noso territorio; pensada para establecer criterios claros de ordenación e sostibilidade, para que todos –e cando digo todos é todos e todas sen distincións nin discriminacións nin favoritismos nin ningún tipo de privilexio–... Unha medida imprescindible por mor do baixo cumprimento de adaptación do planeamento á lei, nove concellos. Calquera Goberno, considero que calquera Goberno minimamente responsable tería que adoptar esta medida. As áreas de actuación, non só é a medida famosa

dos 500 metros, hai máis neste anteproxecto de lei, están as medidas cautelares en materia de ordenación do litoral, por suposto que si, está a creación do Instituto de Estudos do Territorio, que vai prestar asistencia e asesoramento para a elaboración, adecuación e execución do seu planeamento aos concellos – que aparece, por certo, recollido, xa llo dixen, na lei do 95; vostedes foron incapaces de poñer en marcha, ou non sei se non lles interesaba– e que vai dar subvencións á planificación; que, por certo, nos orzamentos deste ano xa se recollen 6,4 millóns de euros para este ano, e isto supón un 38,3% máis que o ano anterior, que duplicaba..., isto duplica o número de concellos que teñen axudas para adaptar ou revisar o seu planemaneto. Vai afectar tamén á integración dos procedementos ambientais e urbanísticos e, por último, axilizar a xestión do solo para a vivenda protexida.

Isto supón, non nos vamos a esconder nin negar, un cambio de modelo, unha nova política urbanística do territorio. Modelo popular –o que existía neste país ata hai pouco tempo–: daquelas todo era urbanizable, todo edificable, crecemento frenético, ocupación de solo, urbanización dispersa, e isto supón un fracaso estrepitoso, tamén en Barreiros e en San Telmo; urbanizouse máis que nunca e os precios disparáronse: aumento espectacular dos precios da vivenda, presión urbanística provoca fortes desequilibrios territoriais e ambientais, e isto tamén supón un incremento da especulación, e así nos dá escándalos urbanísticos que estamos coñecendo.

Os socialistas defendémoslle outro modelo, e estámolo poñendo en marcha, unha nova cultura deste territorio: desenvolvemento responsable e sostible, crecemento ordenado e racional con sentido; e para iso queríamos contar con vostedes porque consideramos –como así o acaba de anunciar a conselleira– que aínda estamos a tempo de impedir unha situación irreversible. E

xa era hora, señora conselleira, de que alguén neste país, ca cabeza ben amueblada, lle puxera cabeza ao urbanismo. Agardamos, señora Rojo Noguera, que vostede convenza ao seu grupo para poder percorrer xuntos este camiño. Súmense a esta complicidade polo territorio.

Nada máis e moitas gracias.